

O Máster Oficial de Xerontoloxía implantado no curso 2006/2007 ofertábase mediante a modalidade de presencial e virtual. No curso 2007/2008 tendo en conta que a Universidade oferta a modalidade a tempo parcial para facilitar a compatibilidade de traballo e estudo, non foi aprobada a oferta virtual para este máster.

Moitos dos alumnos que se matricularon no curso 2006/2007 pola modalidade virtual no poderán continuar os estudos, e polo tanto non poderán obter o título se non se lles permite continuar no segundo curso pola mesma modalidade xa que case todos eles proceden de fora de Galicia o que tamén lles impide optar pola modalidade a tempo parcial.

Tendo en conta esta situación, e co obxectivo de que os alumnos que comezaron o Máster polo sistema virtual no curso pasado podan finalizar os estudos, esta Reitoría

RESOLVE:

PRIMEIRO.- Todos os estudantes que comezaron o Máster Oficial en Xerontoloxía pola modalidade virtual poderán continualo no curso 2007/2008 por esta mesma modalidade.

SEGUNDO.- A modalidade virtual é incompatible coa matrícula presencial a tempo completo e a tempo parcial.

TERCEIRO.- Ningún alumno que non estivese matriculado no Máster en Xerontoloxía pola modalidade virtual poderá matricularse no curso 2007/2008 por esta modalidade.

DISPOSICIÓN FINAL: o curso 2007/2008 é o derradeiro no que se oferta a modalidade virtual do Máster Oficial en Xerontoloxía, polo que os alumnos que non finalicen os estudos neste curso só poderán finalizarlos, de ser o caso, nos seguintes realizando a matrícula a tempo completo ou a tempo parcial.

Santiago de Compostela 25 de setembro de 2007.

O REITOR



Senén Barro Ameneiro

Sr. Secretario Xeral Adxunto.

Sr. Xefe do Servizo de Xestión Académica.

Sra. Directora da Oficina de Información Universitaria.

Sr. Coordinador do Programa Oficial de Posgrao en Xerontoloxía. Manuel Gandoy Crego.EU de Enfermería.